


XAN TRAPALLAS

Autores:

Marcelino de Santiago e Isabel Rey Pousada

2001

08,00 DORMITORIO



XAN TRAPALLAS ronca, o son do ronquido fúndense co son do **DESPERTADOR** ... Por fin **Xan Trapallas** está fora da cama, pero as **SABAS** non o deixan saír.

1. Ronquidos + tic tac do despertador
2. Sona o **timbre 1** do despertador, este movese enriba da mesa
3. Xan movese un pouco, pero segue a durmir
4. Sona de novo o **timbre 2** do despertador, pero máis tempo. O despertador se move con máis enerxía batendo as mans
5. O despertador espíllase mentres Xan segue a durmir
6. O despertador mira a Xan e botase as mans á cabeza e logo pensa
7. Soa o **timbre 3** e o despertador vai polo ar, Xan movese e segue a durmir
8. O despertador rodeando a Xan zumba o **timbre 4**
9. O despertador desesperado enriba de Xan zumba o **timbre 5**
10. Xan ergue un pouco e o despertador zumba o **timbre 6** e collendo impulso logra que Xan quede en medio da escena de pé e durmindo e el co impulso sae disparado cara atrás fora da escena.
11. Xan pelexa coa saba, ata que volve a quedar durmido

Niso o **TELEVISOR** estende o seu brazo e dálle un toque para que faga a súa ximnasia matinal. Non sen moitos esforzos e con evidente torpeza **Xan** vai facendo ximnasia coa **televisión...**

1. O TV abre o ollo dereito
2. O TV abre o ollo dereito e levanta a cella dereita. E move a boca á esquerda.
3. O TV abre os ollos e a boca e levanta as cellas
4. O TV estende o brazo dereito e dálle o toque a Xan para que faga a ximnasia e move os brazos 2 veces.
5. Mentres Xan que segue envolto na saba pasa de todo e volve a durmir
6. O TV xirase un pouco e o ver a Xan durmindo fai un xesto de desaprobación coas mans
7. Entón da un chouto e queda no medio da escena
8. Xan esperta sobresaltado e queda enriba da cama sen sabas e amosando o modelíño de deportista.
9. O TV fai 2 inspiracións - expiracións baixándose e acompañado polos brazos. Xan mentres fai o que pode
10. O TV fai quecemento dando patadiñas no chan ata que el mesmo coas mans lle manda parar a súas propias pernas.
11. Xan segue quentando, o TV xirase un pouco e mirando a Xan repite o xesto coas mans e entón Xan tamén para.
12. Agora o TV abre e pecha as mans e pernas unhas 4 veces.

13. Mentres Xan vai tentando repetir todo o que fai o TV.
14. Despois o TV fai a tesoiira coas pernas e as mans para diante e para atrás.
15. Xan segue coas tixeretas, o TV lle manda parar, pero como non lle fai caso dálle unha patada no cú.
16. O TV fai inclinacións para un lado e para outro levantando a perna contraria.
17. O TV mira con picardía para Xan, pensa e levanta primeiro unha perna, Xan lle imita, logo a outra e por último as dúas, Xan cae espatarrado.
18. Por fin o TV xirándose marcha fora de escena facendo "futing" seguido por Xan.
19. Xan volve a entrar en escena canso e suoroso

Xan Trapallas queda canso e sudoroso. A **DUCHA** (obxecto animado) comeza a facerlle falcatruadas e a mollalo, Xan colle un **PARAUGAS** e queda durmido novamente debaixo da ducha, esta aproveita para lavallo con xabón e cepillo...

1. Xan canso e sudoroso senta na cama e durme.
2. A ducha asoma os ollos e mira o seu redor, niso fixa a vista en Xan, asustase e escondese
3. Volve a asomar a cabeza de arriba a abaixo e deslizándose coma unha serpe observando de abaixo a arriba a Xan e rodéao
4. Entón as súas miradas crúzanse e os dous asústanse e pegando un chouto Xan queda no medio da escena e a ducha desaparece entre caixas.
5. Xan con coidado vai buscando á ducha polo proscenio esquerda, mentres que a ducha entra en escena e queda no centro
6. Xan achegase á ducha e mete o pé con coidado nela e abre a billa, niso a ducha móllao e Xan colle o paraugas
7. Xan defendese co paraugas da ducha que se lle acerca ata que rodéao e o leva cara ó prato
8. Xan abre o paraugas e a ducha comeza a lavallo primeiro con suavidade e eroticamente. A ducha comeza a lavallo con máis enerxía e levantándolle os brazos límpalle os sobacos e faille cóxegas
9. Entón Xan co paraugas comeza a botar fora á ducha
10. Xan vai para o medio da escena e queda tiritando con frío

Achegase un **PERCHEIRO** (obxecto animado) que leva **ROUPA** pendurada, o **PEITE** e o **CEPILLO** (obxectos animados), están moi animados e queren axudalo, así que ó son dunha alegre música visten a **Xan Trapallas**

1. Achegase primeiro o pantalón andando e dándolle unha patada a Xan séntao na cama e este vístese.
2. Logo achéganse os zapatos e ponos
3. E despois a gabardina
4. Por último o peite péitao e o cepillo cepilla a gabardina e os zapatos.


Soa o TELÉFONO e Xan vai traballar

1. Soa o teléfono e Xan cólleo e fala
2. Cando colga o teléfono unha man colócalle o sombreiro e dándolle unha patada no cú bótalo fora da casa
3. Xan sae pola porta do fondo á esquerda

CAMBIO DECORADOS

1. **Kukas** xira a **porta 1**, e vai a atar os zapatos
Javi xira a **porta 2** e recolle o **teléfono**
Gena leva o **percheiro** á caixa do medio da esquerda.
2. **Gena** leva os **cahrados** ó fondo
3. **Javi** coloca o **rectángulo 1** enriba dos **cahrados**
Gena leva o **rectángulo 2** ó fondo
Javi coloca o **rectángulo 2** horizontalmente encima de todo.
4. **Javi** coloca as **pontes** cara arriba no centro

09,30 RÚA




Xan espera polo autobús, hai outros personaxes na rúa como unha SEÑORA CUN CANCIÑO, e un SEÑOR CON CARTEIRA (actores caracterizados) .

1. Xan aparece pola porta esquerda do fondo e sae como impulsado polo punta pé
2. Apartase dos coches (ruídos) que pasan pola rúa
3. Por fin parase no proscenio esquerdo e espera polo autobús, mira o relo, mira para arriba, medio durmida
4. Entra pola esquerda a señora co canciño contoneándose presumida
5. Chega a parada do autobús e pasease por diante de Xan que a mira obnubilado
6. A señora descaradamente e dándolle unha cuada colase na cola do autobús quedando no lado dereito de Xan que non da creto ó que lle pasa.
7. O can ponse no pé de Xan que o balancea
8. Niso o can baixase e méxalle na perna a Xan
9. Xan vai a coller ó can, pero este mórdelle na perna
10. A señora cólleo no colo e acaríñao mentres lle sorrí a Xan como se non pasase nada.
11. Xan fai xestos de querer esganalos, pero cando se cruzan as miradas disimula e fai como que acaricia ó can.
12. Niso chega o autobús (señor con carteira e barra) que queda co final da barra dentro de caixas.
13. A señora sube primeiro e senta no asento dianteiro,
14. Xan entra despois e cando se vai sentar no medio a señora cambia e colócase nese sitio
15. Xan vai para o así entro traseiro, pero a señora lle colle o sitio,
16. Xan vai para o medio pero colócase alí o can.
17. Xan mira para o asento dianteiro, pero o can salta para alí e a señora pasa para o do medio
18. Niso hai un freazo e a señora queda sentada diante Xan pasa para atrás e o señor coa barra pasa para o medio.
19. Xan fai numeros para chegar á barra, pero non chega.
20. Xan ve o brazo do señor e agarrase a el, pero o señor bótalle unha mirada fulminante,
21. Xan decide subirse ó asento traseiro e así pode agarrar a barra
22. Viaxan tranquilamente marcando as curvas da carreteira, primeiro para dentro, despois para fora
23. Niso xíranse todos e miran para atrás marcando o paso dun coche
24. E mentres berran escoitase o ruído dun choque e saen disparados a señora e o señor para diante e Xan para atrás.

CAMBIO DECORADOS

1. **Kukas** leva a **porta 2** á caixa do medio e déixaa perpendicular á boca da escena
Javi baixa os **rectángulo 1 e 2** e colócaos horizontais un enriba do outro no fondo a dereita
Gena monta o mostrador coas **pontes 1 e 2** coas no medio da escena cara a esquerda coas aberturas para fora.
2. **Gena** coloca o **cajado esquerdo** a un lado do mostrador, no proscenio esquerdo
Kukas coloca o **cajado dereito** ó outro lado do mostrador no centro da escena
3. **Kukas** coloca os **zapatos e complementos** nos **rectángulos** do fondo

10,00 ZAPATERÍA




Xan traballa nunha zapatería, pero os zapatos non lle axudan no seu traballo e fan que vaia quedando mal con tódolos CLIENTES (*truco do personaxe con corpo e pes dun actor e mans do outro actor*) que proban os zapatos que están como tolos: PANTUFLAS dun DORMILÓN, BOTAS dun MILITAR, COTURNOS dunha DRAG QUEEN, ZOCOS de GAITEIRO, ZAPATIÑAS ENCARNADAS dunha BAILARINA que non pode parar de bailar...Xan é despedido do seu traballo

1. O personaxe está enriba do mostrador movendo os pés esperando por Xan
2. Xan chega cunhas pantuflas de cadradiños e se llas pon, niso o personaxe ponse a durmir ata que Xan se llas quita porque ronca moito
3. Ponlle unhas botas de militar e o personaxe sofre unha transformación e convertese nun militar, Xan ponlle un casco e o militar empeza a facer a instrución, pero cando empeza a darlle ordes a Xan, este quíttalle o casco e as botas e déixaas na caixa do medio da dereita.
4. Xan volve cuns coturnos de drag queen e unha perruca de plumas, o personaxe comeza a bailar, ata que empeza a marearse coa altura e el mesmo bótaos fora
5. Xan ponlle entón uns zoquiños e unha monteira , o personaxe comeza a bailar e fai tanto ruído cos zocos que Xan llos quita.
6. Xan xa medio mosca ponlle de malas maneiras unha perruca encarnada e unhas zapatillas encarnadas, o personaxe comeza a bailar coma unha bailarina clásica cos pes en puntiñas, abrindo logo as pernas cara un lado e o outro
7. Xan comeza a bailar tamén e cóllea pola cintura , o personaxe pequeno transformase nunha bailarina que baila posesa por toda a escena ata desaparecer
8. Niso aparece polo fondo dereito unha man recortada que despide a Xan da tenda que sae pola porta do fondo a esquerda.

CAMBIO DECORADOS

1. **Gena** move o rectángulo de enriba no fondo a dereita e pon o **teléfono** enriba
Kukas move as **pontes cara atrás**
2. **Gena e Kukas** colocan os **cajados** no centro da escena
3. **Javi (porta esquerda)** e **Gena (porta dereita)** colocan as portas a cada lado dos cajados e colocan os carteis de **Para (Javi)** e **Paro (Gena)**
Kukas pon a **ponte dereita** detrás dos cajados
Kukas pon a **ponte esquerda** diante da pata traseira
4. **Javi** coloca o **periódico** enriba da ponte esquerda
5. **Javi** leva tampón morado e paxariñas e avións
Gena leva tampóns azul e vermello

12,00 OFICIÑA DO PARO



Xan aparece na **OFICINA DE EMPREGO** alí os **GRISES** **FUNCIONARIOS** (*actores caracterizados*) lle toman medidas, lle estámpanlle **TAMPÓNS** e fanlle pasar dunha **PORTA** a outra e a outra nun interminable baile de burocracia... ata que **Xan** colle os **tampóns** e comeza a actuar de maneira moi profesional, entón o **xefe** cun gran mostacho da a súa aprobación e **Xan** queda a traballar na oficina de emprego.

1. Xan chega diante das portas mira para un e outro lado, le os carteis.
2. Chama na porta dereita, pero non se abre
3. Chama na porta esquerda, pero tampouco se abre. Volve a chamar outra vez, pero nada.
4. Volve a chamar na porta dereita e sae unha man que sinala en dirección á outra porta
5. Xan chama na porta esquerda. Sae unha man dobrada que se estira e sinálalle á outra porta
6. Vai a outra porta e sae unha man sinalando para arriba
7. Xan mira para arriba e entón sae unha man da porta esquerda que o chama e cando vai para alí sinálalle cara a outra porta
8. Xan chama na porta dereita e asoma a señora polo medio con cara de enfado
9. Xan xira e pola porta esquerda sae un señor arriba á esquerda.
10. Xan xira e sae pola porta dereita a Sra. Por abaixo coa cabeza ladeada.
11. Na outra porta sae o señor co tampón na man e Xan asustado recúa, entón saen pola outra porta 2 tampóns.
12. Xan vai cara a outra porta e o señor dálle co tampón na cachola
13. Xan rebota e vai para o outro lado e así un par de veces máis.
14. Xan pelexa e colle o tampón vermello e logo o morado, o azul desaparece, Xan da tamponazos a destra e sinistra e vai facendo desaparecer ós dous funcionarios(1º a Sra. e despois o Sr.) catro veces en total.
15. Xan coma un poseso comeza a estampar os tampóns por todas partes, e trepando pola mesa pasa para o outro lado e fai xestos de vitoria
16. Mentres as portas xíranse e quedan ocultas a cada lado da escena dianteira.
17. Xan sentase comodamente na mesa da oficina.
18. Xan comeza a facer paxariñas e avións de papel que lanza dun lado para outro.
19. Xan comeza a durmirse
20. Niso soa o TF e Xan esperta e disimula como que traballa cos tampóns.
21. Segue a soar o TF cólleo e fala por teléfono. É unha chamada equivocada que lle da a lata. Colga
22. Volve a soar o TF e contesta todo alporizado, escoitase unha suxerinte voz de muller, Xan derretese e fala coma namorado. Aparecen 2 corazóns a cada lado da escena. (Fondo esquerda. - Medio dereita.). Colga todo contento.

23. Volve a soar o TF e Xan contesta todo agarimoso, pero é o xefe que lle bota unha riña, Xan di que si a todo e colga o TF.
24. Niso ve o periódico e cólleo, senta na mesa, pero ten ganas de cagar e vai ó retrete pola porta do proscenio dereito.


Xan colle o **PERIÓDICO** eponse a ler, vai ó retrete niso as noticias van collendo vida: **dous MONIGOTES DE PAPEL** (*obxectos animados*) comezan a discutir ata rematar nunha tremenda guerra entre dúas partes do periódico...os **AVIÓNS DE PAPEL** e as **BOMBAS** voan dun lado para outro, o ataque chega ata Xan que remata coa guerra regalándolle a cada contendente unhas **FLORES DE PAPEL**...

1. Escóitanse voces e aparece unha cabeza asomando polo periódico á esquerda, mira o seu redor e pegando un brinco avisa ó outro monigote que aparece pola dereita.
2. Os dous miran para todas partes e falan, e os poucos vanse cabreando ata que dividen o periódico en dúas partes.
3. Dende cada unha das partes se insultan mutuamente (unhas 3 veces) e separan os cadrados unha vez
4. Seguen a insultarse e separan de novo os cadrados.
5. Niso o monigote da dereita. xirándose desaparece.
6. Sae un avión da dereita e ataca o outro bando, o monigote da esquerda desaparece e sae un avión da esquerda que persigue ó avión da dereita dando 2 amplas voltas e rematan facendo un 8 e atacándose mutuamente.
7. Aparecen en cada bando outros dous avións e os catro avións voan e se atacan entrecruzándose unhas 2 ou 3 veces.
8. En cada lado desaparece un avión e na dereita aparece unha bomba que ataca
9. O periódico esquerdo cae e aparece unha cidade en ruínas. Sae unha bomba da esquerda que ataca e cae o periódico da dereita cae igual.
10. Comeza un ataque total con avións e bombas e van desaparecendo todos ata que so queda un paisaxe desolado
11. Niso aparecen por detrás dos edificios os 2 monigotes que tristemente van observando as ruínas.
12. Ábrese a porta dereita e aparece Xan que ó ver o que pasou regáñalles cariñosamente ó tempo que lles da a cada un unha flor e ánimaos a amigarse.
13. Os monigotes acércanse e danse un bico. Xan fai un xesto pícaro e tápaos co sombreiro.
14. Soa unha sirena e Xan sae pola porta. esquerda

CAMBIO DECORADOS

1. Javi (esquerda.) e Gena (dereita.) recollen os monigotes e os periódicos, e Gena o teléfono.
2. Javi (esquerda) e Gena (dereita) levan os cadrados ós laterais xunto ás portas.
3. Javi coloca a ponte da esquerda. no fondo e abaixo e Gena coloca a ponte do centro enriba da outra facendo o forno.
4. Javi coloca o rectángulo da esquerda e Gena o rectángulo da dereita a cada lado das pontes.
5. Crúzanse e colocan Javi as potas e Gena as froitas.
6. Javi coloca o ovo no forno e o libro no cadrado da dereita xunto co gorro de cociñeiro

14,00 COCIÑA E SALA



Xan ten fame e vai preparar a comida para xantar. O mundo das **CACEROLAS** (*obxectos animados*) é un mundo disparatado, as **VERDURAS** (*obxectos animados*) cantan e bailan. e escapan de Xan dispónse a cociñar **POLO ASADO**, e tamén vai fritir nunha **SARTÉN** (*obxecto animado*) 2 **OVOS FRITOS** e un **CHOURIZO**(*obxectos animados*) cos que fai diferentes xogos.

1. Entra Xan pola porta esquerda cantando "buona sera", quita o abrigo e o sombreiro e lánzaos ó percheiro que esta na caixa esquerda do medio.
2. As verduras lle contestan cantando , mentres el sen facerlles caso vai ata o cadrado da dereita facendo xestos de fame e colle o gorro de cociñeiro e o libro de cociña.
3. Apoiase no cadrado a ler e cando xirándose mira ás verduras estas calan.
4. Xan volve a ler e comeza a cantar de novo. Entón as verduras volven a cantar
5. Xan co libro na man vai ata esquerda e logo ó centro e parase diante da cociña lendo, as verduras (pemento, cabaciña e tomate) o seu redor tamén len.
6. Xan deixa o libro aberto no cadrado esquerdo e mete na pota de aluminio ó pemento.
7. Mira o libro e mete a cabaciña
8. E por último mete o tomate e pon a tapadeira.
9. Logo dálle a volta ás patacas e méteas na pota azul.
10. Xan volve a mirar o libro e facendo ademán de que lle falta algo sae da escena polo fondo da esquerda.
11. Niso o tomate asoma polo bico da pota e pegando un chouto sae dela e a brincosponse enriba das cenorias e avista ó horizonte, como non hai perigo avisa cun asubío ás outras verduras que saen da pota e escapan todas polo fondo da dereita. Quedan só as dúas potas baleiras.
12. Niso entra polo fondo da esquerda o galo perseguido por Xan que leva unha macheta na man.
13. O galo mete a cabeza na porta da dereita e cando Xan fai o ademán de ir a cortala o galo sae disparado
14. Xan persegue ó galo pola escena que despois duns xiros e subir polos cadrados vai o mesmo de antes na porta dereita.
15. Logo escapa por enriba da cociña e cando Xan vai collelo metese no forno e desaparece.
16. Cando Xan mete a cabeza no forno non atopa ó galo, pero colle un ovo.
17. Xan colle o ovo e déixao na parte esquerda da cociña, logo mira as potas, descubrindo que estaban baleiras e como non lle serven para fritir o ovo colle a de aluminio e a macheta e vaise pola esquerda. Pero frea en seco, mira para o ovo e colléndoo sae polo medio esquerdo.

18. Niso asoma a cabeza o polo e marcha polo fondo dereito.
19. Entra Xan coa tixola e o ovo. Vai cara a cociña
20. Casca o ovo e aparecen os dous ovos fritos
21. Lanza a tixola cara arriba e os ovos suben e caen na tixola no centro.
22. Volve a lanzar a tixola para arriba e dando un xiro completo recolle os ovos que caen na tixola diante da pota azul.
23. Volve a lanzar os ovos que quedan arriba e aparece o chourizo que queda ☺
24. Xan vai pola escena coa tixola por diante buscando o ovos
25. Xan parase diante da cociña á esquerda mirando para arriba coa tixola na man e entón cáelle o ovo da dereita enriba do ombreiro e ó tempo o chourizo xira e queda ☺
26. Xan como se xogase o tenis da un tixolazo e dálle ó chourizo que sae disparado polo fondo esquerdo e os ovos caen ó chan.
27. Xan queda todo amoscado e xirándose deixa a tixola na cociña.

Soa unha música e aparecen a **ESCOBA** e a **FREGONA** (obxectos

Página: 15


animados) moi coquetas e danzarinas. Haberá que limpar, pero cando xa está todo recollido, Xan tropeza co **CUBO DA FREGONA** e marcha da casa.

1. Entran a fregona cun cubo pola fondo esquerdo e a escoba pola dereita bailando.
2. A fregona deixa o cubo xunto ó cadrado da esquerda.
3. Xan xira e a fregona cólleo e póñense a bailar agarrados.
4. A continuación colle á escoba polo cepillo e da unha volta enteira
5. E segue coa fregona xirando tamén
6. Mentres a fregona mete os pes no cubo e frega o chan, a escoba axudada por Xan recolle os ovos que logo tira na caixa do medio dereita.
7. A fregona e a escoba limpan as portas e mentres Xan poñéndose a pota azul na cachola dando un xiro completo bailando polo centro deixa a pota na caixa do fondo dereito.
8. Volve Xan, a fregona mentres pecha o libro e limpa despois a tixola.
9. Xan colle a tixola e os tres bailan ó tempo no centro da escena e van saíndo por detrás da cociña bailando e limpando en dirección ó fondo da esquerda.
10. Cando chegan a esa caixa Xan deixa a tixola que xa a leva en alto e segue bailando pola escena, fai un oito e tira o cubo da fregona.
11. Desesperado e enfurruñado colle a gabardina e o sombreiro e sae pola porta da esquerda.

CAMBIO DECORADOS

1. Javi retira o rectángulo da dereita para a caixa do fondo dereito
Gena retira o rectángulo da esquerda para a caixa do fondo esquerdo.
Vai poñer o traxe de estatua
Kukas retira o cubo
2. Kukas leva o cadrado da esquerda para atrás e colócao pegado as pontes
Javi leva o cadrado da dereita e colócao pegado ó outro cadrado
3. Kukas xira porta esquerda e Javi a porta dereita
4. Javi coloca a ponte que está arriba xunto a pata do medio en diagonal
Kukas coloca a ponte que está abaixo xunto ó pedestal seguindo a liña.
Kukas quita os pantalóns
5. A estatua súbese ó pedestal

18,00 PARQUE



Xan vai de paseo ó parque niso aparece rodando unha pelota, iso é, un pouco de deporte ira ben para o corpo sérrano: xogos cunha **PELOTA** ata que canso senta ó pé dunha estatua (*actor*) que lle fai falcatruadas e cada vez cambia de forma ata que un **PAXARO** caga na súa cachola.


1. Xan entra pola caixa do medio da esquerda facendo "futing", fai algo de ximnasia
2. Entra unha pelota polo lado dereito.
3. Xan colle a pelota, dálle 2 patadas, canea con el a e fai 2 chutes - parada
4. Xan descansa un pouco (diante do espazo entre bancos) e entra o paxaro que se posa no dedo da estatua
5. Xan lanza a pelota contra ó paxaro que asustado voa e ponse enriba do casco da estatua.
6. Xan volve a lanzar a pelota contra á estatua
7. E por terceira vez lanza a pelota que vai fora.
8. Xan abanicándose co sombreiro senta no banco
9. O paxaro que ve a súa cabeza dende enriba do casco da estatua emprende o voo para ir a cagarlle na cachola, pero niso Xan pon o sombreiro.
10. O paxaro amoscado voa rodeando á estatua e fálalle á orella polo lado esquerdo.
11. A estatua asinte e quítalle o sombreiro a Xan.
12. Xan recolle o sombreiro e mira para atrás. A estatua pon outra postura
13. Xan volve a sentar. O paxaro dálle un toque e a estatua que volve a tirarlle o sombreiro a Xan, este volve a coller o sombreiro e queda de pé diante do lado esquerdo da estatua, que xa cambio de postura. O paxaro voa e dálle o toque de novo.
14. Esta volve a tirarlle o sombreiro, Xan un pouco farto recolle o sombreiro e queda de pe diante da estatua, que de novo ten outra postura.
15. A estatua tíralle de novo o sombreiro que cae máis lonxe. Xan xa bastante mosca colle o sombreiro e senta xunto a estatua.
16. A estatua colle o sombreiro e tírao fora da escena. Xan farto fai un xesto de que lle da igual.
17. Niso o paxaro caga enriba da cachola de Xan que vai cara diante, sendo perseguido por toda a escena polo paxaro que quere seguir cagando enriba del.
18. Xan escapa subindo por enriba do banco da dereita e saíndo os dous polo fondo dereito.

CAMBIO DECORADOS

1. Javi coloca as pontes diante e no centro
2. Van vestir e Javi e Gena colocan os cadrados diante das pontes



20,00 CINE




Xan vai ó cine, non pode ver porque é baixiño e fai numerións para ver termina quedando durmido e como ronca, os espectadores bótano fora.

1. Javi (esquerda) e Gena (dereita) sentan de costas ó público nos cadrados de diante.
2. Entra Xan pola esquerda e pasando por diante dos espectadores ponse a mirar a pantalla de pé, e ve que está do revés e fai xestos coas mans mirando para atrás para avisar de que está mal.
3. Os espectadores dinlle que vaia para atrás.
4. Xan senta detrás da parella con sombreiros que non lle deixan ver.
5. Se inclina á dereita e eles tamén
6. Logo vai para á esquerda e eles tamén
7. Volve para a dereita, eles tamén, Xan botase máis a dereita, eles tamén e Xan cae ó chan.
8. Xan levanta todo amoscado e niso ve como a parella separouse un pouco e hai un espazo entre eles, mete por alí a cabeza pero niso volven a bicarse e lle aprisionan a cabeza.
9. Consigue sacala e tenta mirar de novo enriba do ombreiro do home, entón a muller dálle na cachola e sepárao.
10. Xan farto ponse a durmir pero ronca forte
11. A parella molesta cos ronquidos de Xan xirase e mírao con cara de poucos amigos.
12. Se levantan e colocándose detrás de Xan o xiran e o sentan mirando cara ó público.
13. Despois o collen polos sobacos e levantándoo o sacan da escena pola dereita.

CAMBIO DECORADOS

1. Javi (esquerda) e Gena (dereita) moven os cadrados o da esquerda diante da pata do medio e o da dereita detrás da pata do medio
2. Javi e Gena colocan os rectángulos no fondo un pouco en diagonal.
3. Javi e Gena colocan as pontes co arco para dentro pegadas ós rectángulos.

22,00 DISCOTECA



Xan atopa a un AMIGO (actor caracterizado) e deciden ir a discoteque a bailar: xogo co porteiro da discoteque, por fin consegue coarse... home, pero, si está todo o mundo, hai moitas MOZAS, ¿ señorita baila?... todo mundo a bailar...

A festa non estivo mal, Xan é o último en marchar, cunhas serpentinas penduradas do colo e un chifro nos morros volta para casa e de novo todo volverá comezar.

1. Xan entra na discoteca polo fondo esquerdo e achegase á barra.
2. Niso entra o amigo Cucurucho polo mesmo sitio e saúdanse á americana facendo bobadas.
3. Están os dous apoiados na barra e entra pola dereita a Mullerona azul
4. Cucurucho a ve primeiro e desorbítanse os ollos, niso a ve Xan e tamén lle pasa o mesmo.
5. A Mullerona pasa por diante deles sen miralos e vai directa o pedestal de gogo, pero non o ve e choca. Entón baixa os ollo e sube nel e ponse a bailar.
6. Os amigos discuten para ver quen é o primeiro que vai pedirlle un baile á Mullerona, ningún se atreve, dálles vergoña.
7. Vai primeiro Xan, pero ela baixa os ollos, mírao e dille que non e segue a bailar.
8. Vai logo Cucurucho, pero ela volve a baixar os ollos, miralo e dicirlle que non e seguir bailando.
9. Cucurucho marcha e Xan ponse a bailar só, animase e sube enriba do outro pedestal.
10. Niso entra Cucurucho coa Fregona bailando.
11. Bailan todos moi animados
12. Ós poucos Cucurucho pola esquerda e a Mullerona pola dereita vanse marchando discoteca.
13. Queda só Xan que boquexa e vai marchando cansado.

Faise escuro e soa o espertador e ó fondo aparece:
E, fin

SAUDOS

Saen coas gafas e os sombreiros ou perrucas postos:

1º Xan eponse á dereita,

2º Mullerona no centro

3º Cucurucho na esquerda.

Saúdan inclinándose os tres á vez e incorporándose sacan as gafas e os tocados.

Volven a caixas (Javi e Gena á esquerda) e Kukas (á dereita) e saen de novo á escena.

Gena dá un paso adiante levando na man as dúas perrucas coas que tapa a Javi e a Kukas que asoman :

Javi por enriba da perruca e Kukas entre a melena.